



**Grupo Euskaltel**

**A súa pegada de rede de fibra óptica supera os 20 millóns de fogares**

## **O Grupo Euskaltel logra un novo récord de clientes no terceiro trimestre e aumenta un 24,5 % o seu beneficio neto**

- *A irrupción de Virgin telco no mercado supera todas as expectativas, crescendo en preto de 30.000 clientes no terceiro trimestre, o primeiro trimestre completo tras o seu lanzamento. En total, o Grupo Euskaltel conta con máis de 800.000 clientes de mercado masivo.*
- *Este sólido crecemento na base de clientes do Grupo tradúcese nun forte aumento dos ingresos, que crecen un 1,8 % con respecto ao terceiro trimestre do 2019. É o cuarto trimestre consecutivo de crecemento en ingresos sobre o ano anterior, e o maior crecemento de ingresos da compañía nos últimos anos.*
- *O resultado neto do exercicio a 30 de setembro supera os 52 millóns de euros, o que supón un 24,5 % máis que os 41,9 millóns rexistrados no mesmo período do pasado exercicio.*
- *Por segmentos, os servizos que máis creceron no último trimestre foron o de telecomunicacións móbiles, con 21.000 servizos máis contratados, e banda larga, con 19.000 servizos máis que o trimestre anterior. Os produtos e servizos de alto valor contratados nos fogares ascenden xa a unha cifra récord de case 3 millóns.*
- *Mantense o crecemento no segmento de Empresa, superando as 16.000 empresas clientes do Grupo Euskaltel. Os ingresos no mercado Empresa creceron máis dun 3 % no trimestre, o que o converte no terceiro trimestre de maiores ingresos do segmento de empresa na historia do Grupo.*
- *Neste momento, o Grupo Euskaltel alcanza unha cobertura de rede de fibra óptica de máis de 20 millóns de fogares a nivel nacional.*
- *Os resultados do terceiro trimestre confirman a senda de crecemento do Grupo rexistrada nos trimestres anteriores, e están en liña co cumprimento dos obxectivos do seu plan estratéxico para o presente exercicio.*

**Bilbao, 27 de outubro de 2020.** O Grupo Euskaltel – que integra as marcas Euskaltel, R, Telecable e Virgin telco - fixo públicos esta tarde os resultados correspondentes ao terceiro trimestre de 2020, que confirman un novo récord en crecemento de clientes, reforzando a senda de crecemento do Grupo rexistrada nos trimestres anteriores, que están en liña co cumprimento dos obxectivos do seu plan estratéxico para o presente exercicio.

A irrupción de Virgin telco no mercado superou todas as expectativas. No terceiro trimestre do ano, o primeiro trimestre completo dende o seu lanzamento, a nova marca do Grupo Euskaltel para a súa expansión nacional creceu en preto de 30.000 clientes – 21.000 de telecomunicacións fixas, e case 9.000 de telecomunicacións móbiles -, e está a piques de superar os obxectivos de crecemento previstos para o final de ano.

En total, dende o seu lanzamento o pasado 20 de maio ata o 30 de setembro, Virgin telco conta xa con 27.000 clientes sobre rede fixa, cando o obxectivo do plan de negocio para 2020 é alcanzar os 35.000 usuarios. Sumando os clientes de fixa e de móbil, Virgin telco conta neste momento cun total de 38.000 clientes, en apenas catro meses de presenza no mercado. Coa súa política de flexibilizar a súa oferta de produtos e servizos para ceder ao cliente a decisión dos produtos que desexe contratar, Virgin telco seguiu unha tendencia progresiva semana a semana dende o seu lanzamento. En total, o Grupo Euskaltel conta xa con máis de 800.000 clientes de mercado masivo.

Virgin telco continúa a lanzar propostas ao mercado de produtos e servizos que impulsarán aínda máis o seu crecemento e a satisfacción dos seus clientes. Grazas á combinación da oferta de televisión de alta calidade da compañía e os acordos cos principais provedores de contido, cabe destacar, neste trimestre, o acordo que alcanzou Virgin telco con Netflix para lanzar 'Netflix Fan', unha proposta líder mediante a cal Virgin telco completa a súa grande oferta de alta calidade de televisión, combinando o acceso aos contidos de máxima calidade de Netflix con 10 GB de datos móbiles extra en calquera das súas liñas para todos os seus clientes, de forma gratuíta durante seis meses.

Este sólido crecemento na base de clientes de Virgin telco, así como o crecemento positivo continuo no negocio tradicional, tradúcese nun forte aumento dos ingresos, que alcanzaron os 174,2 millóns de euros, cun incremento do 1,8 % con respecto aos 171,1 millóns do terceiro trimestre de 2019. Este é o cuarto trimestre consecutivo de crecemento en ingresos sobre o exercicio anterior, e o maior crecemento de ingresos da compañía nos últimos anos.

Os ingresos de Virgin telco creceron ata os 3 millóns de euros no trimestre, en liña co forte crecemento na base de clientes, que se prevé siga incrementándose nos próximos meses. Ademais, os ingresos do negocio tradicional da compañía experimentaron tamén un crecemento positivo do 0,1 % debido á estabilidade dos ingresos por cliente e ao excelente comportamento do segmento de servizos para empresas.

O beneficio bruto de explotación (Ebitda) nos nove meses de 2020 creceu un 3,2 % sobre o mesmo período do exercicio anterior, acadando os 260,2 millóns de euros a 30 de setembro, cunha marxe sobre ingresos do 50,3 %, crecendo 119 puntos básicos sobre setembro de 2019.

Grazas á calidade dos ingresos e á xestión do control de custos realizado, o resultado neto do exercicio a 30 de setembro do Grupo Euskaltel supera os 52 millóns de euros, o que supón un 24,5 % máis que os 41,9 millóns rexistrados nesta data o pasado exercicio.

**Novo récord de clientes**

Este terceiro trimestre de 2020, o Grupo Euskaltel rexistrou un novo crecemento récord na súa base de clientes, empuxado polo éxito da comercialización de Virgin telco no mercado nacional, que o levou a superar xa a barreira dos 800.000 clientes, dos cales 695.000 corresponden a clientes sobre rede fixa, e 106.000 a clientes que contratan unicamente telecomunicacións móbiles.

A base de clientes de alto valor da compañía continuou o seu crecemento no terceiro trimestre do ano. Os clientes do segmento residencial contrataron máis de 80.000 novos servizos con respecto á mesma data do exercicio anterior. Os produtos e servizos de alto valor contratados nos fogares ascenden xa a unha cifra récord de case 3 millóns.

A base de clientes de valor do Grupo reflíctese na carteira de clientes con contratos de 3 e 4 produtos, nos niveis máis altos do sector. Os clientes do Grupo Euskaltel tiñan contratados, no terceiro trimestre de 2020, unha media de 3,64 produtos por usuario.

Por segmentos de produtos, os servizos que máis creceron no último trimestre foron os de banda larga ultrarrápida – con máis de 19.000 novos servizos contratados -, superando os 626.000. Destacou tamén o incremento na contratación de liñas de telefonía móbil, con 21.000 novas liñas, e acadou xa os 1,2 millóns de liñas contratadas. A TV de pagamento mantense ao redor dos 500.000 produtos de TV contratados, mentres a telefonía fixa rexistra un lixeiro descenso, como consecuencia de que os novos clientes non contratan, nunha gran parte, servizos de voz fixa.

Aínda que a evolución da base de clientes de Virgin telco estivo por riba do esperado, o negocio tradicional estivo marcado polas consecuencias que a pandemia está a ter no mercado, estando a súa evolución por debaixo do previsto.

En definitiva, a suma neta total de clientes supón un novo récord con máis de 20.000 novos clientes – 14.000 de fixo, e 6.000 de móbil -, aumentando significativamente sobre o crecemento de 13.000 rexistrados no trimestre anterior – 11.000 de fixo, e 2.000 de móbil -.

É tamén significativo o crecemento no mercado Empresa, impulsado por unha forte demanda de servizos, superando xa as 16.000 empresas clientes do Grupo Euskaltel. Os ingresos no mercado Empresa creceron preto dun 3 % no trimestre, ata alcanzar os 27,3 millóns de euros, o que o converte no terceiro trimestre de maiores ingresos do segmento de empresa na historia do Grupo. A forte demanda de servizos de telecomunicacións B2B, como consecuencia do teletraballo e a calidade e proximidade da atención ás empresas por parte do Grupo Euskaltel están a impulsar uns excelentes resultados do segmento de Empresas durante este ano.

### **O Grupo Euskaltel chega a máis de 20 millóns de fogares con fibra óptica**

A estes excelentes resultados hai que engadir que o Grupo Euskaltel gañou un enorme potencial de crecemento e rendibilidade grazas aos acordos alcanzados con outros operadores para ampliar a pegada da súa rede de fibra óptica. Neste momento, o Grupo Euskaltel, a través das súas marcas Euskaltel, R, Telecable e Virgin telco, alcanza xa unha cobertura a nivel nacional de máis de 20 millóns de fogares. O aumento da cobertura de rede, así como a optimización na súa xestión, son pancas clave para o crecemento continuado da base de clientes e a rendibilidade da compañía.

Nos últimos meses, o Grupo asinou diversos acordos de rede que lle permitirán seguir ampliando a súa cobertura de rede e o crecemento e a rendibilidade do seu negocio. Entre eles atópase o acordo asinado con Orange para poder acceder a 1,8 millóns de novos fogares do despregamento adicional que realizará a compañía, aos que hai que sumar outros 1,5 millóns

de novos fogares con acceso FTTH a través do acordo asinado co operador Adamo ou o acordo con Telefónica para acceder á parte da súa rede non regulada a través de NEBA FTTH.

### **E ofrecerá servizos de 5G aos seus clientes**

Ademais destes acordos que amplían a pegada de rede de fibra óptica do Grupo Euskaltel, recentemente foi anunciado o acordo entre o Grupo Euskaltel e Orange, que permitirá ao Grupo Euskaltel ofrecer aos seus clientes tecnoloxía móbil 5G como Operador Móbil Virtual aloxado na rede de Orange a partir do 1 de xaneiro de 2022, aínda que ambas partes poderán acordar o adiantamento desta data ao momento en que Orange lance o Servizo 5G a nivel comercial de xeito masivo.

Deste xeito, o Grupo Euskaltel garante para os seus clientes o acceso aos servizos móbiles de telecomunicacións máis avanzados a través dunha rede de calidade 5G, e asegúrase dispor da capacidade necesaria para poder dar resposta a todas as novas necesidades de servizos de datos móbiles que xurdan no futuro aos usuarios.

Neste mesmo ámbito, Euskaltel é o xestor e coordinador do proxecto “5G Euskadi”, que resultou adjudicatario do programa de axudas do Goberno español para o desenvolvemento e implantación da nova tecnoloxía. Trátase do primeiro proxecto piloto 5G real (Stand Alone) en Euskadi e nace do compromiso de fomentar a innovación e transformación industrial das principais empresas e centros tecnolóxicos do País Vasco. Euskaltel coordina un consorcio de 13 socios procedentes do ecosistema de operadores de telecomunicacións, provedores de equipamento de rede, universidades, centros de investigación, institucións públicas e empresas privadas.

No marco do proxecto “5G Euskadi” créase un piloto de infraestrutura 5G con despregamento de rede para operador móbil virtual, onde Euskaltel proporciona os elementos centrais de xestión da rede (CORE) e, doutra banda, o seu provedor host actual (Orange), a parte de acceso radio.

Esta tecnoloxía de Euskaltel permitirá proporcionar servizos de 5G real aos clientes do Grupo Euskaltel no futuro, tanto no segmento residencial como no empresarial, e permite facilitar ao tecido industrial do País Vasco unha mellora competitiva futura.

### **Sólida situación financeira**

A 30 de setembro de 2020, o Ebitda alcanzou 260,2 millóns de euros, crecendo un 3,2 % sobre o 30 de setembro 2019, cunha marxe sobre ingresos do 50,3 %, que crece 119 puntos básicos.

O ebitda dos negocios tradicionais continuou a medrar no trimestre un 1,1 % sobre o terceiro trimestre do exercicio anterior, debido á estabilidade dos ingresos e á continua implantación de medidas de eficiencia de custos. Tendo en conta o impacto dos custos asociados ao lanzamento de Virgin telco, o crecemento total do ebitda é dun -2 %. Este impacto está a reducirse paulatinamente, xa que no terceiro trimestre experimentou unha redución significativa con respecto ao gasto que implicou o lanzamento levado a cabo no segundo trimestre de 2020 (2,6 millóns de euros no Q3, fronte a 3,8 millóns do Q2).

No mesmo sentido, a xeración de fluxo de caixa operativo do negocio tradicional, sen ter en conta o efecto do lanzamento da súa nova marca, sería de 49,7 millóns de euros, por riba do 29 % dos ingresos, en liña cos trimestres anteriores.

Como resultado da continua xeración de fluxo de caixa operativo, a compañía continúa na súa traxectoria de desapancamento. Nos nove primeiros meses do ano, a compañía reduciu a súa débeda neta en máis de 18 millóns de euros. Esta diminución de débeda produciuse a pesar da distribución dun dividendo de 55 millóns de euros neste período. A débeda neta sitúase en 1.468 millóns de euros no terceiro trimestre, o que representa 4,16 veces o ebitda, fronte ás 4,21 veces de finais de 2019.

Cunha forte e continua xeración de fluxo de caixa, un baixo custo da débeda (do 2,6 %), e un vencemento medio da débeda de 3,9 anos, a compañía pechou o terceiro trimestre nunha situación financeira moi sólida e cuns resultados que están en liña cos obxectivos anunciados ao mercado no seu plan estratéxico, o que reflicte o cumprimento dos compromisos do Grupo de xerar valor para os accionistas.

**Euskaltel – Comunicación**  
[comunicacion@euskaltel.com](mailto:comunicacion@euskaltel.com)